


## Contratos, axustes e reclamación de salarios no pasado

O investigador Anxo Coya recupera na celebración do Día do Traballo dous documentos de 1647 e 1735 vencellados ao mar



A sinatura dos mariñeiros que no ano 1735 presentaron unha reclamación diante do cónsul británico en Vigo para que se lle pagasen os seus soldos. // Familysearch

**Anxo Coya\***

02-05-23 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/05/02/contratos-axustes-reclamacion-salarios-pasado-86745247.html>

*Á clase obreira en xeral*

### **Contrato mariñeiro no 1778.**


Coincidindo co primeiro de maio do ano pasado de 2022, Día Internacional da Clase Obreira, publiquei netas mesmas páxinas un traballo sobre o contrato ou convenio asinado entre o armador Pedro Marich e varios mariñeiros das parroquias do Hío e Aldán datado no 4 de xaneiro de 1778 (Contrato mariñeiro no século XVIII, Faro de Vigo, edición do Morrazo, 1/05/2022, Anxo Coya). Nese artigo destacamos os acordos máis importantes dun contrato mariñeiro no que xa acordaban, entre outras cláusulas, non traballar os domingos e os festivos. O peixe necesario para cociñala caldeirada a bordo (xantar) debía ser facilitada polos patróns segundo apunta o texto: “/ ...y que el pescado necesario para hazer la Calderada en la Mar, se lo habrán de dar los dos Patrones.../”. Cada vez que no último lance da tarde a pesca fose fartureta, os patróns darían por quiñón a cada mariñeiro ata un máximo de cincuenta sardiñas para levar para a casa. Para coñecer máis datos do mencionado contrato aconsellamos consultar o artigo anteriormente citado.



### **Algúns apuntamentos máis.**

#### **1. Axustes e condicións a varios mariñeiros no 1647.**


O 4 de xuño de 1647, ante o notario de Cangas Gabriel Franco de Vega, o capitán inglés Thomas Ford afirma ter un poder outorgado por Jorge de Madureira, “Caballero del ávito de Christo” (sic) e residente na vila de Pontevedra. O poder permitiría a Thomas Ford, residente en Ribadeo, fretar o barco holandés chamado “Árbol de Naranjo” que estaba fondeado na Ría de Pontevedra. Asemade o capitán podería levar a cabo as dilixencias necesarias tanto para contratar a tripulación como para outras que lle fosen de conveniencia para facer a viaxe no dito barco dende Ribadeo ata San Lúcar de Barrameda, en Cádiz.



O documento de 1647 do capitán inglés Thomas Ford aportado ante o notario Gabriel Franco Familysearch

No mesmo día e noutros documentos, Thomas Ford asegura ter concertado con anterioridade levar como mariñeiros a: Juan Costas, Domingos de Varros, Pedro García, Amaro Fernández, Domingos Núñez, Juan Domínguez e Pedro Gil, todos veciños da vila de Bouzas. Varias condicións e axustes relátanse no documento que afirma: “/ ... se avían de embarcar En el navío olandés nombrado arbol de Naranja q. al Presste (presente) Hesta en la rría de aldan Jurison (Jurisdicción) de dha villa, y navegar en el usando El oficio

de marineros de dicha Ría a la villa de rrivadeu y puerto della donde sse a de tomar la carga q. allí se le entregase de donde la an de llevar En dicho navío asta llegar a la vaya (bahía) de cadiz o Puerto de Ssan Lúcar de Varrameda Y Por la Raon (razón) de su trabajo le avía de dar Y Pagar a cada uno dellos trescientos Rs. (reales) ... seis días después de llegar dicho navío Y dando fondo en qualquier de los dichos Puertos Y luego a cada uno dellos les avía dado cien Rs.../”.



A reclamación de soldos formulada en 1735 pola tripulación do "Atarget" ante o cónsul británico. //Familysearch

## 2. Reclamación de salarios en 1735: conflicto laboral de carácter internacional?

Imos facer mención de seguido a unha reclamación de salarios de varios mariñeiros. Trátase dun protocolo de puño e letra do escribán Juan Antonio Blanco. O punto central da mesma, datada o 31 de marzo de 1735, pode resumirse do seguinte xeito: cinco mariñeiros de distintas nacionalidades estranxeiras aseguran ser tripulantes do barco inglés "Atarget", fondeado nesa data na Ría de Aldán e capitaneado por Joseph Coughlan, quen non abonou os soldos dos mariñeiros. Non podemos asegurar con certeza pero sospeitamos, polo descrito, que os afectados conseguiron chegar á terra en Aldán e dende alí trasladarse a Cangas polo camiño que ía dende esta parroquia ata Cima de Vila en Darbo para chegar a Cangas e despois atravesar a Ría de Vigo e así poder citarse co cónsul británico en Vigo, don Raimundo Bite.



quien asta oy día de la fecha le esta debiendo sus salarios y soldadas como a tales marineros que en dicho Navío han Nabegado y navegaban quando se suzedio el acaso de haber dado a la costa en el Puerto de Aldan... /”.

Os mariñeiros reclamaron ante o cónsul que tomase cartas no asunto para poder cobrar os salarios e o “finiquito” correspondentes a cada traballador.

Con exemplos tan singulares vemos que aínda nos queda moito por aprender da internacionalización de conflitos laborais da Clase Obreira que xa teñen acontecido no século XVIII.



*Anxo Coya*

*\*Veciño do Hío*